



---

TEMA 3

Coñecemento aberto e colaborativo no ensino

Duración do curso: 30 horas

---




# Coñecemento aberto e colaborativo no ensino: tecnoloxías e SWL

# Introdución

---

Agora, que xa coñecemos o que é o Software Libre e as oportunidades que nos ofrece para a comunidade educativa, imos ver o que nos achega en dereitos para as persoas e as comunidades educativas.



Neste tema faremos **unha aplicación práctica das 4 liberdades** nas que se fundamenta o Software Libre e **veremos para que nos poden ser útiles**. Un bo exemplo pode ser o seguinte:

“A profesora está explicando como empregar a ferramenta X de Software Libre na aula. Xa é o segundo ano que imparten esta clase e contan coa tradución da ferramenta feita por Sara, unha alumna do curso anterior”.



O exemplo comentado é posible co Software Libre, ao ter acceso ao código fonte e podelo adaptar ás nosas necesidades. Co Software privativo, teríamos que esperar a que a empresa propietaria do software fixese a versión na lingua desexada. Esta experiencia inventada, pode ser perfectamente real. De feito, **sobran exemplos** nos que se detectan ou solucionan erros, **facéndonos partícipes de proxectos**.

# Obxectivos

---

Os obxectivos neste tema baséanse en **analizar e interpretar os diferentes dereitos e liberdades** que nos proporciona o Software Libre para utilizalos nas nosas **tarefas docentes**:

- Traballo en **comunidade**.
- Coñecemento **aberto**.
- Sentirse coa **liberdade** de aprender e utilizar o software
- para o que desexemos.



A posibilidade de empregar nas nosas tarefas diarias a filosofía do Software Libre e Coñecemento Aberto fai que en situacións globais de crise, coma na que nos atopamos, poidamos **sentirnos útiles, independentes e autosuficientes**. Crea **novas oportunidades** para nós e o nos alumnado xa que tende a creación de novos servizos e á especialización formativa e tecnolóxica **en múltiples campos**.

# Os dereitos das persoas e das comunidades educativas

O Software Libre **permítenos traballar con diferentes enfoques** nas nosas aulas. Na seguinte táboa comparativa, veremos algunhas das diferenzas máis destacadas que poñen en valor o Coñecemento Aberto.

<b>Modelo emparellado co Software Privativo</b>	<b>Modelo emparellado co Software Libre</b>
<p>Ensinanza de ferramentas informáticas.</p> <p>Exemplo 1: ensínase Dreamweaver.</p> <p>Exemplo 2: ensínase Microsoft Access.</p>	<p>Ensinanse conceptos fundamentais como base para utilizar ferramentas informáticas.</p> <p>Exemplo 1: ensínase a usar a linguaxe HTML.</p> <p>Exemplo 2: ensínase que é unha base de datos e como usala.</p>
<p>Depende de determinadas ferramentas informáticas</p> <p>Exemplo: ensínase a gardar un arquivo en Word.</p>	<p>A ensinanza depende dos fundamentos e non tanto das ferramentas.</p> <p>Exemplo: aprendemos a gardar un arquivo. Este concepto con algunhas variantes permite que sexamos capaces de gardar documentos en moitas ferramentas ofimáticas.</p>
<p>Apóia-se na aprendizaxe visual desbotando aprendizaxe analítica.</p> <p>Exemplo: trabállase coa barra de ferramentas dos programas.</p>	<p>O visual serve para acelerar os conceptos analíticos adquiridos.</p> <p>Exemplo: para abrir un programa debemos executar un comando. Deste xeito poderemos traballar co programa aínda que borrasen a icona do noso escritorio ou temos que traballar cunha configuración diferente.</p>
<p>Todo depende dunha empresa provedora de software.</p>	<p>O Software Libre é accesible a todas as persoas. Non dependemos dunha empresa en particular.</p>
<p>Trabállase sobre a base de resolver problemas de produtos.</p>	<p>Achéganse solucións a novos desafíos.</p>
<p>Foméntase o eu gaño, ti perdes.</p>	<p>Foméntase o eu gaño, ti gañas.</p>
<p>O modelo de desenvolvemento está en ocultar e obstaculizar o</p>	<p>O modelo de desenvolvemento baséase en compartir o código fonte dos programas, permitir o coñecemento</p>

## Análise

---

A análise da táboa anterior permítenos chegar ás seguintes conclusións:

- **Existe outro modelo** de ensinanza posible na tecnoloxía e na educación en xeral.


- O modelo emparellado co software libre **encaixa de xeito natural** coa súa filosofía.



E finalmente, temos que lembrar que utilizar Software Libre **non garante nada se non se modifican os esquemas da ensinanza** habitualmente empregados no software privativo.

# Outros beneficios do uso do emprego de Software Libre na educación

Na filosofía do privativo fronte ao libre, como paradigmas enfrontados, vemos **as consecuencias** que pode ter o uso dunha ou doutra opción.



**Esta escolla afectará ao futuro da nosa comunidade.** Na actualidade existen estes dous modelos enfrontados pero moi relevantes en todos os avances reais da sociedade actual.

**Coñecelos**, desde a educación, **axudará a contactar cunha visión real.** A partir de aí calquera, por lóxica, desexaría transmitir un coñecemento ligado ao libre, ao feito de compartir e aos dereitos das persoas usuarias.

Na seguinte táboa analizamos en detalle outras características que diferencian o xeito de aprender empregando un ou outro tipo de software:

Con Software Privativo	Con Software Libre
As computadoras deben cumprir uns requirimentos mínimos.	En moitos casos as estacións de traballo poden ser equipos reciclados de segunda man.
É necesario a adquisición de licenzas.	Existen multitudes de programas que poden ser utilizados legalmente e constantemente nacen novas versións e novos programas coas mesmas condicións.
En moitos casos, limítase o uso dun programa de cada tipo (procesador de textos, folla de cálculo, navegador web).	Neste caso podemos empregar unha ampla cantidade de programas de cada clase. Isto permite que o alumnado sexa capaz de empregar diferentes ferramentas para conseguir obxectivos, sen depender dunha en concreto. Adquírese coñecemento funcional e non só operativo.
As licenzas habitualmente son complexas e tenden a controlar as actividades do persoal e do alumnado.	As condicións de licenciamento son claras, sinxelas de cumprir. Están deseñadas para fomentar a difusión das ideas.
Os programas só están dispoñibles nos idiomas nos que o propietario decidiu publicalo.	Se un programa en software libre non está dispoñible na lingua desexada, a súa tradución non entraría en conflito coa licenza.
O alumnado que desexa empregar o software fóra do centro ten que adquirir licenzas pola súa conta e aceptar as condicións das licenzas.	O alumnado pode empregar e facer copias do software para practicar e estudalo ou modificalo no ordenador do traballo, da casa ou installo á súa avoa se así desexa.
	O centro educativo é un centro de difusión tecnolóxica achegando solucións de base

<p>O centro debe vixiar o cumprimento das licenzas pero sen facilitar de ningún outro xeito o acceso a elas.</p>	<p>tecnolóxica ás organizacións da súa área de influencia tales coma PeMEs, cooperativas, ONGs,... reforzando así o seu rol de difusión de coñecemento socialmente útil.</p>
<p><del>Aparentemente as empresas</del> organizacións non poden aproveitar as<sup>e</sup> vantaxes do Software Libre pola escaseza de persoal capacitado e as persoas capacitáanse en software privativo porque é o que se usa nas empresas.</p>	<p><del>Co software libre rompemos o círculo</del> vicioso formando alumnado en virtude do seu coñecemento funcional e non só operativo, capaces de adaptarse rapidamente a programas privativos se fose necesario pero podendo levar programas libres ás empresas e organizacións.</p>
<p>O alumnado aprende con ferramentas con licenzas que expresamente prohiben aprender como funcionan, tendo así un rol de simple consumidor.</p>	<p><del>O alumnado aprende ferramentas que pode</del> personalizar como desexe, tendo non só a capacidade de usalas, senón tamén de desfacelas, recombinalas crealas melloralas. e</p>
<p><del>O software para o alumnado é un ente</del> alleo, deseñado e creado nun ambiente cultural, social e económico completamente distinto ao propio. As grandes corporacións sinalan cal é o software a instalar e en que computadora. Están atentos á súa axenda comercial máis que ás necesidades reais de cada usuario.</p>	<p><del>O alumnado ve ao software como un</del> elemento dinámico e cambiante que é. Traballa con software desenvolvido por unha comunidade de miles de persoas. A finalidade é a de satisfacer súas necesidades preservando o dereito de cada quen a decidir que programa quere empregar e cal non, e de que xeito debe comportarse cada un deles.</p>
<p><del>O software empregado non debe ser</del> compartido con ninguén, xa que facelo é delito e o normal é renunciar ao dereito á solidariedade a cambio de un pouco de comodidade persoal.</p>	<p><del>A solidariedade e compartir son actitudes</del> socialmente positivas tamén no mundo do software. Ademais existen modalidades para copialo e compartilo libremente sen infrinxir a lei.</p>

# Conclusións

---

- Pasar de Software Privativo a Software Libre non é só unha cuestión de cambio de ferramentas:

- É a diferenza entre **aprender a usar unha ferramenta** para unhas **tarefas concretas** ou **ter coñecementos** para resolver **multitude de necesidades**.

- É a diferenza entre **ter que aceptar** o que nos ofrecen ou **poder escoller** nós mesmos o que precisamos.



- Se polo de agora estivemos inmersos no sistema privativo, o cambio pódenos resultar un pouco difícil ao principio. Os resultados a curto prazo motivarannos a seguir coa adaptación.

**O Software Libre e o Coñecemento Aberto garanten** a motivación e as ganas de participar no grupo, é dicir, **a proactividade**. O saberse parte dun grupo, sentirse útil dentro dunha comunidade, axuda a desterrar a habitual actitude pasiva. Educar deste xeito garante o cambio. **E nós podemos axudar** mudando das habituais regras privativas á ensinanza baseada no Coñecemento Aberto.